

“A letra escarlata” voltou a Covas 30 anos despois da rodaxe de Wim Wenders

Redacción • Ferrol

Entre o dez e o 17 de setembro de 1972 o director alemán Wim Wenders e o seu equipo de rodaxe estiveron en Covas traballando na longametraxe “A letra escarlata”, a obra homónima do escritor norteamericano Nathaniel Hawthorne na que narra a intolerancia nunha pequena comunidade do século XVII.


Onte, a sociedade “Columba” da parroquia ferrolá lembrou esa rodaxe cunha exposición de carteis e fotografías na Cooperativa de Covas. A inauguración da mostra tivo continuidade posteriormente cunha charla do crítico cinematográfico de Diario de Ferrol José Torregrosa, que precedeu á proxección da cinta.

Unha das curiosidades da longametraxe é que nela apa-

recen numerosos veciños de Covas no poboado construído especialmente fronte á illa de Santa Comba.

“A letra escarlata” foi a terceira película do director de “París-Texas”, que tamén se ocupou do guión. Nela participaron actores internacionais populares a comezos dos anos 70 como Senta Berger e Lou Castel, e varios españois como Eduardo Fajardo, Alfredo Mayo e Tito García. A película foi unha coproducción entre Alemaña e España, que contou coa responsabilidade de Elías Querejeta neste apartado.

Aínda que a longametraxe non foi do pleno gusto do director, o certo é que a rodaxe foi todo un acontecemento no Ferrol da época, atraendo o interese de revistas cinematográficas da época como “Fotogramas” e “Cine en 7 días”.



O xornalista Tino Santiago e o crítico José Torregrosa